



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia



Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016.

Prezada compañeira / Prezado compañero:

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queremos achegar os beneficios que implica a colexiación, un número que posúe un gran valor.

O feito de que o Colexio reúna a todas e todos os profesionais da psicoloxía de Galicia outórganos unha之力 e unha representatividade que nos dá máis capacidade para levar adiante as reivindicacións que afectan ao noso sector. Somos a entidade acreditada para falar en nome dos psicólogos e psicólogas galegas, e cada un dos nosos colexiados e colexiadas dános máis voz.

Xestionamos a través dun convenio coa Xunta de Galicia dous programas de atención psicológica especializada en materia de violencia de xénero, un para homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar desde 2001 e outro dedicado ás vítimas desde 2004. Neses programas, colexiados e colexiadas de toda Galicia prestan apoio psicosocial nunha materia tan prioritaria como é a violencia contra a muller.

Outra rede de colexiados e colexiadas actúan en situacions de emergencias e catástrofes na nosa Comunidade grazas a un convenio coa Xunta: o GIPCE (Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias). Un servizo que se activa a través do 112 e que permite ofrecer asistencia psicológica en casos de tal magnitude como o do accidente do tren Alvia en 2013, e que no día a día actúan en situacions que permanecen fóra da atención pública (accidentes de tráfico, naufraxios, desaparicións, asasinatos por violencia machista, suicidios...).

Desde o Colexio, todos e todas as profesionais podemos facer ver o noso espazo como colectivo e participar no desenvolvemento da psicoloxía. É o caso da nosa aposta pola implantación da mediación como alternativa extrajudicial á resolución de conflitos: en 2009 asinamos un convenio para a implantación dun programa experimental en Santiago de Compostela. Hoxe en día, colexiados e colexiadas pertencentes ao Rregistro de Mediación do Colexio están a exercer nos Equipos de Mediación Familiar dos xulgados de Santiago de Compostela, A Coruña e Ourense, e estase a traballar para que chegue tamén a Ferrol neste ano.

Fomentamos o desenvolvemento científico e profesional, a través das seccións e dun intenso programa formativo que abrangue as distintas áreas da psicoloxía aplicada. Ademais, contamos cunha bolsa de investigación para colexiados e colexiadas, a beca Manuel Siota, para contribuir ao desenvolvemento de proxectos que supoñan un afondamento no coñecemento científico e na transformación da realidade de Galicia desde a psicoloxía.



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

M^a ROSA ÁLVAREZ PRADA
Decana

Ademais, a colexiación dá acceso a toda unha serie de servizos e prestacións, como asesorías xurídica e fiscal gratuítas ou condicións vantaxosas en seguros, pensados para o acompañamento da túa traxectoria como psicóloga ou psicólogo. Porque o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia debe ser o noso lugar de encontro.

O mellor "valor" do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é poder contar cos colexiados e colexiadas e, polo tanto, **contar contigo** nas actividades e que sexas partícipe da nosa entidade.

Recibe un cordial saúdo.



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

